



Planisferio celeste

► Meta pedagóxica

Creación dun planisferio celeste para ter referencias na observación nocturna.

🏠 Etapa educativa

recomendada

- Educación Primaria

🏆 Competencias

- CCL
- CP
- CD
- CCEC


🎯 Obxectivos educativos

- Diseñar produtos tecnolóxicos que dean resposta a problemas sinxelos.
- Relacionar o movemento aparente do ceo co paso do tempo e contextualizar a súa relevancia histórica para a navegación.
- Valorar a tradición helenística na nomenclatura das estrelas e constelacións.



Recursos

- Modelo impreso de planisferio
- Cartón ríxido ou madeira fina
- Impresora 3D para crear a peza que será o eixo central
- Tesoiras, cúter e material de recorte
- Cola ou pegamento





Pasos

1. Imprimir o planisferio e pegalo sobre o cartón.
2. Recortar as distintas pezas do planisferio.
3. Deseñar ou descargar un modelo de eixo e imprimilo en 3D.
4. Ensamblar o planisferio, unindo as partes co eixo impreso, asegurando que poidan xirarse libremente.
5. Probar o funcionamento do planisferio e practicar coa identificación de estrelas e constelacións en función da data e da hora.



Preguntas de reflexión asociadas á actividade

- Que relación hai entre a data, a hora e a posición das estrelas?
- Durante o día, por que non son visibles as estrelas no ceo se están no planisferio?
- Cal é a relación entre o nome das constelacións e a súa forma?
- Como se denominan esas mesmas constelacións noutros idiomas?
- Como mellorarías o deseño do eixo ou do planisferio?
- Que dificultades atopaches ao ensamblar ou interpretar o planisferio?
- Que aprendizaxes sobre matemáticas e astronomía se combinan neste proxecto?



Referencias

<https://www.youtube.com/watch?v=4mmhL1x4y7I>

<https://www.youtube.com/watch?v=PJX74qGUyHY>

<https://www.astrovigo.es/wp-content/uploads/2017/11/Planisferio-celeste.pdf>

<https://agrupacionio.com/materiales-didacticos/>

https://agrupacionio.com/nueva/wp-content/uploads/2022/01/MON-%C3%8DPTICO_Hemisferios_Norte_Sur_210-MM_WEB_AF.pdf

https://agrupacionio.com/nueva/wp-content/uploads/2021/07/Casa-Rosal-%C3%ADa_210_210-MM_2021_WEB.pdf

<https://www.youtube.com/watch?v=PJX74qGUyHY>